

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL EN PRÁCTICAS DE TITULADOS/AS UNIVERSITARIOS E DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR, AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS 2020 (BOPPO nº 117 do venres, 19 de xuño de 2020).

Primeira.- Obxecto.

É obxecto desta convocatoria a provisión mediante a contratación laboral temporal en prácticas dunha persoa que estea en posesión de titulación universitaria ou de formación profesional de grao superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional, en base ao acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión do 28 de agosto de 2020 e ao abeiro da APROBACIÓN DA RELACIÓN DE CONCELLOS SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADES COLABORADORAS NO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS 2020 (BOPPO nº 172 do luns, 7 de setembro de 2020).

A praza convocada ofértase nas seguintes condicións:

Titulación:	DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA /GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA
Nº traballadores:	1
Modalidade contractual:	Contrato en prácticas (M-420)
Duración do contrato:	6 meses
Xornada:	Completa (37,5 horas/semana)
Custos salariais brutos:	1.108,33 €/mes
Custos Seg. Social:	373,40 €/mes

Darase publicidade á presente oferta de traballo mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e na seguinte dirección web, www.meis.gal

Segunda.- Requisitos.

As persoas aspirantes, para tomaren parte no proceso selectivo, deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade española ou dalgún país membro da UE.
2. Posuír a titulación de DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA.
3. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible coa realización das correspondentes funcións.



4. Non atoparse incurso/a en causas de incapacidade ou incompatibilidade para contratar co Concello.
5. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercizo de funcións públicas.
6. Figurar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego desempregado/a ou con tarxeta de mellora de emprego e que cumpra os seguintes requisitos:
 - ✓ Que estea en posesión da titulación de DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.
 - ✓ Que no momento da contratación non transcorresen máis de cinco anos, ou máis de sete cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.
 - ✓ Que non teña experiencia laboral previa na titulación obxecto do contrato (nos grupos de cotización 1 ou 2 para titulacións universitarias e nos grupos 3 ou 5 para ciclos superiores) ou non estivese dada de alta como persoa autónoma en actividades relacionadas coa titulación, por un tempo superior a 6 meses ou 182 días.
 - ✓ Que non estivese contratada en prácticas por un tempo superior a 6 meses nin esta contratada en prácticas no momento da selección (que se inicia coa presentación da correspondente oferta no SEPE) nalgún dos programas de “O teu primeiro emprego”.
 - ✓ O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial.
7. Ter sido preseleccionado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

Terceira.- Solicitudes.

Unha vez presentada a oferta de emprego, o Servizo Público de Emprego de Galicia levará a cabo unha preselección das persoas candidatas segundo a titulación do posto de traballo que se vai ocupar a razón dun máximo de 5 por posto, que lle remitirá ao concello para seleccionar a persoa beneficiaria desta contratación en prácticas e establecer unha lista de suplencias. O concello nomeará un tribunal cualificador, do que poderá formar parte o persoal funcionario do propio concello, así como dos concellos colindantes, cuxa composición deberá adecuarse aos principios que regulan a constitución e o funcionamento dos órganos de selección.

Cuarta.- Admisión de aspirantes, fixación do comezo dos exercizos e da composición do Tribunal.

O Servizo Público de Emprego de Galicia será o encargado de remitir aos/ás posibles candidatos/as que reúnan as condicións da convocatoria.



O proceso de selección levarase a cabo segundo os seguintes criterios que marca a propia Deputación de Pontevedra:

- Para a valoración do expediente académico multiplicarase a nota media por 4 e o resultado divídese entre 10
- Doutorado: 2 puntos
- Máster universitario: 0,5 puntos (máximo 1 punto)
- Posuír outra titulación académica relacionada co posto de nivel igual ou superior: 0,5 puntos (máximo 1 punto)
- Cursos de centros oficiais relacionados co posto
 - ✓ De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso
 - ✓ De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso
 - ✓ De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso
 - ✓ De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso
 - ✓ De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso
- As persoas candidatas que accedan con titulacións de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

Os/as candidatos/as preseleccionados/as polo Servizo Público de Emprego que desexen participar nos procesos selectivos deberán presentarse no Concello de Meis na data e hora que lles indique o Servizo Público de Emprego de Galicia. Con anterioridade a esta data deberán presentar solicitude mediante instancia dirixida á Alcaldía á que deberán acompañar:

- Fotocopia compulsada do DNI ou, no seu caso, do pasaporte ou de calquera outro documento acreditativo da nacionalidade.
- Fotocopia compulsada da titulación académica requirida.
- Orixinais ou copias compulsadas dos méritos que aporta para a súa valoración na fase de concurso.
- Informe de vida laboral actualizado.

Se, ao tramitar a oferta, non se atopan persoas candidatas que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria, a entidade colaboradora poderá acudir a unha convocatoria pública mediante anuncio, sen que sexa necesaria neste caso a inscrición das persoas que se van contratar como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (ver base 14.6).

Recoméndase que as entidades colaboradoras faciliten de forma activa o acceso á contratación laboral en prácticas de persoas con discapacidade. Todo isto co obxectivo de



garantir o dereito de igualdade de oportunidades e de trato no acceso ao mercado laboral das persoas que por circunstancias físicas ou psíquicas teñan dificultades de empregabilidade.

Quinta.- Tribunal cualificador.

O Tribunal que xulgará as probas de que conste o concurso estará constituído do seguinte xeito, todos eles con voz e voto:

PRESIDENTE/A

SECRETARIO/A

VOGAIS

Os membros do Tribunal deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal non se poderá constituír sen a asistencia, polo menos do/a presidente/a, do/a secretario/a e dun/ha vogal, ou persoas nas que deleguen.

Abstención ou recusación.- Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da *Lei 30/1992*, e comunicaranllo á autoridade convocante por medio dun escrito en tal sentido. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal, de acordo co disposto na mesma lei (Artigo 29).

Sexta.- Cualificación.

A puntuación final será a obtida na valoración dos criterios da convocatoria.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

Sétima.- Relación de aprobados e nomeamento.

Rematadas as probas selectivas o tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación, e propondrá, para o seu nomeamento soamente a aquel/a aspirante que obtivera a maior puntuación total, elevando a proposta ó/á Presidente/a desta Corporación.

O tribunal non poderá propoñer a máis persoas aspirantes que prazas convocadas. Calquera proposta que contraña o establecido será nula de pleno dereito.

De acordo co preceptuado no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, O Concello de Meis realizará a publicación dos datos persoais dos candidatos e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello (www.meis.gal), ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Os datos de carácter persoal que o interesado facilite serán tratados polo Concello de Meis coa finalidade de selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolvela convocatoria na que participa. A



lexitimidade do tratamento basease no consentimento do interesado, e no cumprimento de obrigacións legais polo Concello de Meis. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados a outras administracións ou rexistros públicos, e publicados no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir con a finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de los datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Meis, Avda. Cambados, 67 Mosteiro, 36637 Meis (Pontevedra) ou na dirección de correo electrónico dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Oitava.- Resolución de dúbidas. Réxime xurídico.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso. En todo o non previsto nestas bases o proceso selectivo regularase polas seguintes normas: a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a Reforma da Función Pública, modificada pola Lei 23/1988 do 28 de xullo; a Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño sobre procedemento de selección na Administración Local; o RD 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral do ingreso de persoal ó servizo da Administración do Estado.

Novena.- Impugnación da convocatoria e dos seus actos.

Poderase recorrer contra esta convocatoria e contra as súas bases mediante a interposición do oportuno recurso. Os actos administrativos derivados da convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

Documento asinado electronicamente á marxe.

Información básica sobre protección de datos:

Responsable del tratamento: Concello de Meis.

Finalidade do tratamento: selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatoria pública

O titular pode exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 (acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos) ante el Concello de Meis ou na dirección de correo electrónico dpo@legalforma.com

Pode consultar a información completa sobre protección de datos nas bases da convocatoria publicadas en: www.meis.gal

